

Espazo FEE



A REVISTA DA FACULTADE DE ECONOMÍA E EMPRESA



XIII Premio Luísa Villalta

Funcionarios si, emprendedores non

Milongas de Futuro

Este ano... Manuel María

Calendario Académico Mestrados. Curso 16/17

Porto, destino Erasmus

Editorial

Estamos a rematar un novo curso e asemade comezamos a planificación do vindeiro. As semanas que temos por diante deben ser un tempo para reflexionar sobre como estamos a desenvolver o noso labor docente e tirar conclusións que sirvan para facer avanzar a nosa facultade na difícil tarefa de atraer e captar alumnado nun contexto tan diferente como o actual. Para que este proceso sexa realmente útil, deberemos formular accións de mellora que deberían incorporarse en tres niveis diferentes, pero estreitamente relacionados: a facultade, os títulos e as materias.

Por unha banda, no ámbito da facultade, cómpre seguirmos a traballar na definición dunha oferta académica atractiva para os nosos futuros estudantes de grao e mestrado, que lles permita formárense integralmente como profesionais de alta cualificación cunha acaída inserción no mundo laboral. Neste punto, é perentorio que se clarifique canto antes o marco que regula a estrutura dos estudos universitarios. Temos enriba da mesa un conxunto de reformas transcendentales que afectan, sen ningún xénero de dúbidas, a nosa proposta académica e que están pendentes de que quen exerce as responsabilidades en materia de educación universitaria adopte as decisións oportunas para establecer inequivocamente as regras de xogo. Entre estas accións están as seguintes: a integración nunha única titulación dos graos en Administración e Dirección de Empresas e Ciencias Empresariais, con existencia de mencións ou itinerarios no grao resultante; a introdución de axustes puntuais nos plans de estudos no resto das titulacións; a concreción dun dobre mestrado universitario cunha proxección internacional; o establecemento de relacións estratéxicas e permanentes no ámbito da docencia e da investigación con universidades dentro do Espazo Europeo de Educación Superior e de Latinoamérica; e, finalmente, a proposta dun mestrado interuniversitario orientado á investigación no ámbito da Economía e da Empresa. A incerteza do momento político afecta moi negativamente a

nosa capacidade de dar respostas e impide na práctica a toma de decisións nestes asuntos. En todo caso, non podemos ficar parados e debemos avanzar nas solucións para que, cando se disipe toda a néboa que hogano nos arrodea, poidamos decidir axiña e ser os primeiros en adaptar a nosa oferta ao que se nos está a demandar.

Se descendemos ao nivel das diferentes titulacións, cómpre profundar, entre outras cuestións, en **mellorar os procedementos de proposta, desenvolvemento das titorías e avaliación dos traballos de fin de grao e mestrado e das prácticas curriculares e extracurriculares nas empresas dentro dos nosos graos e mestrados**; o catálogo das materias que se ofertan en inglés tanto no grao de ADE como no de Economía, cuxa edición polilingüe comezará por primeira vez no curso 2016/2017, sempre e cando teña unha demanda mínima por parte dos estudantes de novo ingreso; a normalización lingüística da lingua galega nos estudos de grao, mestrados e títulos propios; e a difusión dos mestrados da FEE dentro e fóra de Galicia, para captar estudantes de alto rendemento académico. Estes alumnos/as poden contribuír no futuro a aumentar o prestixio e a utilidade do noso centro na sociedade e a fortalecer a actividade docente, investigadora e de transferencia, se deciden emprender unha carreira académica dentro dos grupos de investigación e departamentos que existen na facultade. É evidente que para levar a bo porto estas iniciativas se precisa que continúe existindo unha forte implicación e compromiso de moitos profesores/as co proxecto de mellora. Todos sabemos –e mesmo sufrimos– de primeira man os profundísimos cambios que se experimentaron no mundo universitario nos últimos anos, que non sempre foron na dirección que moitos esperabamos. Ás veces, existe unha sensación de desánimo que é preciso superar para seguir cara a adiante no proceso de transformación, progreso e mellora das condicións de vida da sociedade a través da educación pública universitaria. Por iso, nunca debemos deixar de facer evolucionar os nosos títulos para

facelos ferramentas útiles nese proceso. Neste sentido, é de xustiza recoñecer o papel que está a desempeñar a xunta de facultade a través das súas comisións delegadas. Existe un traballo abnegado dun conxunto amplo de profesores, estudantes e persoal de administración e servizos, que non sempre é traducible a méritos computables segundo os criterios actuais. No entanto, se queremos aspirar a máis, precisamos máis xente involucrada en temas como a docencia en galego, en inglés, no Plan de Acción Titorial, no seguimento das prácticas, na oferta de TFG etc.

Finalmente, esta reflexión péchase coas melloras que cómpre introducir nas diferentes materias que se imparten dentro das titulacións da FEE e que son o resultado da reflexión e da experiencia acumulada polos equipos docentes ao longo de todos estes anos. Nas vindeiras semanas, abríranos a posibilidade de introducir cambios nas diferentes disciplinas a través da elaboración das guías GADU para o vindeiro curso. Sería un erro facer esta tarefa con desgana ou de maneira rutineira. **Temos a capacidade de puir e propor contidos máis atractivos e achegados ás demandas que se nos están a facer desde o noso contorno empresarial e social**; metodoloxías docentes para que o proceso de aprendizaxe sexa máis dinámico, motivador e eficaz tanto para os docentes como para os estudantes; procesos de avaliación que contribúan dunha maneira xusta e eficiente a valorar en que medida o estudantado foi adquirindo as competencias da materia e da titulación; materiais de traballo modernos e actualizados; etc. Malia que o lóxico cansazo destas alturas do curso pode impedir acometermos con radicalidade –e dicir, desde a raíz– este proceso, debemos realizar o esforzo porque, indubidablemente, dará os seus resultados en termos de satisfacción persoal e colectiva ante a mellora do rendemento do alumnado. Neste sentido, convén avanzar para que os equipos docentes de cada materia unifiquen contidos, metodoloxías e avaliacións e evite unha falta de coordinación entre eles que sempre os fai máis ineficientes e ineficaces.

XIII Premio Luísa Villalta a Iniciativas Normalizadoras

Un ano máis o Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña convoca os Premios Luísa Villalta a Iniciativas Normalizadoras, dirixido ao conxunto da comunidade universitaria galega. Ao igual que nas últimas edicións o premio consta de dúas modalidades: premio ao deseño dunha campaña de normalización lingüística e premio a unha idea para a promoción do galego.

En ambos os casos a finalidade é a mesma: desenvolver, desde o ámbito universitario, iniciativas innovadoras relacionadas coa normalización da lingua galega, ao tempo que se elaboran propostas e se promove a reflexión verbo da situación sociolingüística.

O premio está aberto á participación individual, mais tamén á de grupos. Con esta segunda posibilidade o que se pretende é estimular a participación de colectivos que teñan entre os seus obxectivos



impulsar o proceso de ampliación de usos da lingua galega (comisións de normalización, asociacións estudantís etc.).

O prazo de presentación remata o 28 de outubro de 2016 e a dotación dos premios é de 1200 euros, no caso de deseñar unha campaña, e 800 euros no caso dunha idea para a promoción do galego.

Ao longo destes anos resultaron premiados proxectos que se materializaron na colección *Profesionaliza a túa lingua*, consistente na publicación de glosarios terminolóxicos por parte do SNL (accesibles na súa

páxina web), o Muíño da lingua, instalado no campus da Zapateira ou o proxecto Funil.gal, un laboratorio virtual de química, aínda en desenvolvemento mais cuxas primeiras achegas xa se poden consultar no espazo www.funil.gal.

O texto íntegro da convocatoria está dispoñible na páxina web do Servizo de Normalización Lingüística: www.udc.gal/snl



Concurso no Twitter para que se Vexa o galego!

Concurso



Desde a Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua volven propor o concurso para visibilizar e reivindicar o uso do galego en todos os ámbitos.

Fai unha fotografía alí onde vexas o galego e che guste, alí onde non sexa habitual velo ou alí onde necesite ter maior visibilidade. Faino co cancelo #quesevexaogalego.

Tes de prazo ata o 30 de maio.

Toda a información en www.ctnl.gal

Funcionarios si, emprendedores non

Desde moi pequenos estamos acostumados a que desde a familia ou amigos sexa común a idea subxacente da importancia de estudar e ter un traballo estable, o cal entre liñas nos está a indicar o camiño para sacar unha praza pública que nos dure toda a vida, pero, sobre todo, que teñamos a seguridade dunhas determinadas condicións e un salario dado. Por costume, e a diferenza doutros países, somos unha sociedade marabillosa pero con grandes carencias coma calquera outra e unha delas é que *non estamos afeitos ao risco*. Normalmente preferimos que as cousas veñan dadas de por si e evitar ter que tomar decisións propias que poidan entorpecer os acontecementos. Podemos velo frecuentemente tanto no mundo laboral privado como no mundo laboral público: a maioría dos traballadores prefere cumprir os obxectivos ou as solucións marcadas previamente por outra persoa; en xeral, por moitas causas, non queremos asumir responsabilidades por se caemos na fonte de erro, de modo que simplemente facemos o que se nos di e no caso de que as cousas vaian mal, a culpabilidade recae na persoa que toma as correspondentes iniciativas e solucións. De feito, é moi frecuente escoitar a frase " Fixen o que me dixeches, a culpa será túa non miña "

O papel que xogan os traballadores e os empresarios é moi importante en ambos os casos. Os primeiros co seu compromiso e traballo fan realidade as metas marcadas por un empresario que coa súa idea e financiamento permite que miles de familias poidan ter un salario e vivir dignamente, e, por suposto, os

empregados xunto cos consumidores (que poden ser os mesmos) conseguen enriquecer ao empresario. Dito isto, un debería de entender a necesidade de apostar polo emprendemento porque desa maneira estaríamos como sociedade apostando tamén polos millóns de familias que se verían beneficiadas directa ou indirectamente. Porén, a realidade amósanos todo o contrario: España prefere apostar por un modelo funcional, en que prima a memorización para aprobar unhas oposición e despois vivir o resto da túa vida do Estado.

O labor dos funcionarios é necesaria e ninguén pode dubidalo. Ten que haber xuíces e xuízas que velen polo xusto, profesionais da medicina que se preocupen pola saúde da cidadanía, inspectores de Facenda para combateren a fraude, forzas de seguridade e orde que garantan o benestar nas rúas ou docentes que eduquen os nosos fillos. Por tanto, non se trata de criticar os funcionarios e desprestixialos, trátase en todo momento de cambiar un modelo improdutivo que parece mentira que co paso dos anos a xente aínda non se decate.

deberíamos de apostar polo emprendemento e modificar o sistema

En España, sobre o 75% do PIB é froito das pemes ou a maiores podemos destacar que o 2,5 % do PIB é grazas a multinacionais como, por exemplo, Inditex, xerando en si unha gran riqueza para o país da que todos nos beneficiamos, posto que pagan unha gran cantidade de impostos que logo van a parar aos

hospitais públicos ou mesmamente ás universidades públicas, como calquera persoa traballadora. Despois de analizar un pouco a situación, as respectivas facultades de Economía e Empresa das universidades españolas deberían apostar fortemente polo emprendemento sen deixar claramente de lado a todas aquelas persoas que lexitimamente queiran obter unha praza na Administración, pero *a realidade é que o crecemento económico vén do tecido empresarial e non polo estatal-administrativo-económico*. Como sociedade, gústanos moi a miúdo compararnos co resto de países europeos ou do mundo, pero sempre se dá o caso de que nos esquecemos. quizais a propósito, de facelo nalgúns campos, como é o empresarial. O caso é que nos EE. UU. se aposta moitísimo polo emprendemento e iso non quere dicir que non existan funcionarios. Todo ao contrario, teñen moita forza, pero os estadounidenses saben o que xera riqueza e crecemento do que non. Son unha sociedade onde se montan empresas cada día ao mesmo tempo que pechan outras tantas, pero non pasa nada, a cidadanía está disposta a equivocarse todas as veces que fagan falta, saben que co tempo a experiencia vai servir de moito e máis nestes campos.

Outro dos problemas que se plasma no sistema español, é o coñecido como o procedemento 85%-15%. Desde idades moi temperás educánnos a memorizar e a estar sempre no campo teórico e moi poucas veces no práctico, campo que realmente nos permite puír as nosas habilidades como seres humanos e que, por desgraza, pasamos boa parte das nosas vidas

sen experimentalo. Todos coñecemos a típica persoa que contratan por primeira vez ao rematar a carreira/estudos e todo aquilo que estudou non lle serviu realmente para nada e aínda por riba tampouco posúe as destrezas. Estes mecanismos ou sistemas fan que a sociedade decida seguir memorizando e presentarse a unha oposición, porque é unha continuación vinculada ao mercado laboral do propio sistema ao que estivo atado toda a súa vida.


Se queremos crecer, ser unha sociedade próspera e estar no alto xunto con grandes países, deberíamos de apostar polo emprendemento desde moi cedo e modificar o sistema para que exista unha

relación teórica-práctica que dote a persoas das capacidades necesarias que o vinculen co mercado laboral.

Tempo e trámites para abrir unha empresa en Europa (Fonte: Banco Mundial)

FIGURA: ESPAÑA NON É (AÍNDA) PAÍS PARA EMPRENDEDORES

Jaime Caneiro Costoya
Estudiante



O Servizo de Apoio á Investigación

As bibliotecas da UDC deben dar soporte ao estudo, á docencia e á investigación. Tamén colaborar nos procesos de creación de coñecemento na Universidade, especialmente na publicación e difusión dos resultados dos devanditos procesos.

Por outra banda, o persoal investigador ten que afrontar os cambios dos últimos anos nos criterios de avaliación da calidade da produción científica e convivir coa complexidade do mundo editorial coa diversidade de formatos, de licenzas etc.



Ante esta situación as vicerreitorías de Política Científica, Investigación e Transferencia e a de Oferta Académica e Innovación Docente veñen de impulsar a creación do Servizo de Apoio á Investigación dende a Biblioteca da UDC en colaboración cos distintos servizos da UDC. Entre os obxectivos deste novo servizo poderíamos mencionar os seguintes:

1. Servir de axuda, asesoramento e formación aos investigadores na xestión bibliométrica dos seus CV a través dunha estrutura descentralizada nas distintas bibliotecas dos centros e campus.
2. Dar a coñecer pautas e actuacións para ter unha identificación da autoría unívoca.
3. Favorecer a difusión e a visibilidade da produción científica de cada investigador/a.

Para potenciar e difundir o uso deste servizo estase a impartir o curso *Estratexias para incrementar a visibilidade e o impacto dos resultados da investigación* organizado polo CUFIE, a Biblioteca Central da UDC e as bibliotecas dos centros. Este curso xa vai pola segunda edición e está a ter unha boa aceptación.

Desde a Biblioteca queremos animar o persoal investigador a participar en novas edicións deste curso. Tamén podedes acudir a nós se precisades axuda para avaliar revistas en que publicar, para atopar indicios de calidade dunha publicación de acordo coas esixencias das axencias avaliadoras, para coñecer as opcións de publicar en aberto, ou calquera outra dúbida relacionada co tema.

Biblioteca da Facultade de Economía e Empresa

Cen anos despois...



O pasado 24 de abril celebrouse o **centenario do Levantamento de Pascua** (en lingua gaélica: *Éirí Amach na Cásca*). Este feito histórico aconteceu en Irlanda entre o 24 e o 29 de abril de 1916 e supuxo un punto de inflexión claro no camiño de Irlanda cara á súa independencia do Imperio Británico, primeira potencia mundial por aquelas datas.

Os protagonistas desta insurrección armada foron un grupo de republicanos irlandeses que tiñan como obxectivo central desta acción rematar co dominio do Reino Unido sobre a illa e establecer unha república irlandesa independente. Así, sete foron os asinantes do manifesto que o goberno provisional da República irlandesa lanzou ao pobo de Irlanda para conseguir a súa adhesión ao levantamento: Clarke, Diarmada, Pearse, Connolly, MacDonagh, Ceannt e Plunkett. Patriotas, intelectuais, xente do común, ilustrados e comprometidos co benestar da sociedade son os adxectivos que poden resumir o perfil daqueles seres humanos que ofreceron a súa vida perante un pelotón de fusilamento pola liberdade da nación. Aínda emociona hoxe a lectura deste texto, lembremos algunhas das súas pasaxes:

Irlandeses e irlandesas: no nome de Deus e das xeracións finadas, das cales se recibe a tradición de nación, Irlanda, a través de nós, chama os seus fillos á súa bandeira e á loita pola súa liberdade.

Declaramos o dereito do pobo de Irlanda a ser donos de Irlanda e ao control sen restricións dos destinos irlandeses, a ser soberanos e a non ser negados.

A República garante a liberdade relixiosa e civil, os mesmos dereitos e iguais oportunidades a todos os seus cidadáns, e declara a súa vontade de procurar a felicidade e a prosperidade de toda a nación e das súas partes, protexendo a todos os nenos da nación por igual e eliminando as diferenzas que xerou un goberno alleo, que segregou unha minoría da maioría no pasado.

Malia que o Levantamento de Pascua foi duramente esmagado pola potencia militar do Reino Unido, o sacrificio non foi en van, xa que o Goberno británico, pouco tempo despois do remate da Primeira Guerra Mundial, tivo que afrontar sen dilación unha solución definitiva para o problema irlandés. Esta solución pasou pola creación do

Estado Libre Irlandés en 1921, ao que seguiu unha guerra civil. En 1937, aprobouse unha constitución que substituíu o Estado Libre Irlandés pola entidade denominada Éire. Finalmente, foi en 1949 cando se promulga a Acta da República de Irlanda, que é a norma que declara a Irlanda coma unha república para todos os efectos.

Este feito histórico foi a manifestación de que a vontade dun pobo non pode ser agochada ou silenciada ou eliminada, se ese pobo ten vontade de ser. Irlanda é un exemplo de dignidade e perseveranza fronte á adversidade: fames, emigración, supresión de dereitos civís básicos á súa xente, negación por parte da potencia dominante... Malia todo iso, malia todas as dificultades, Irlanda é hoxe un país no mundo, cunha cultura ben definida e difundida universalmente, con lingua de seu, e cun san orgullo nacional sen caer no chauvinismo que podería ser un exemplo para outros pobos doutras latitudes.

Anxo Calvo
PDI

**POBLACHT NA H EIREANN,
 THE PROVISIONAL GOVERNMENT
 OF THE
 IRISH REPUBLIC
 TO THE PEOPLE OF IRELAND.**

IRISHMEN AND IRISHWOMEN In the name of God and of the dead generations from which she receives her old tradition of nationhood, Ireland, through us, summons her children to her flag and strikes for her freedom.

Having organised and trained her manhood through her secret revolutionary organisation, the Irish Republican Brotherhood, and through her open military organisations, the Irish Volunteers and the Irish Citizen Army, having patiently perfected her discipline, having resolutely waited for the right moment to reveal itself, she now seizes that moment, and, supported by her exiled children in America and by gallant allies in Europe, but relying in the first on her own strength, she strikes in full confidence of victory.

We declare the right of the people of Ireland to the ownership of Ireland, and to the unfettered control of Irish destinies, to be sovereign and indefeasible. The long usurpation of that right by a foreign people and government has not extinguished the right, nor can it ever be extinguished except by the destruction of the Irish people. In every generation the Irish people have asserted their right to national freedom and sovereignty, six times during the past three hundred years they have asserted it in arms. Standing on that fundamental right and again asserting it in arms in the face of the world, we hereby proclaim the Irish Republic as a Sovereign Independent State, and we pledge our lives and the lives of our comrades-in-arms to the cause of its freedom, of its welfare, and of its exaltation among the nations.

The Irish Republic is entitled to, and hereby claims, the allegiance of every Irishman and Irishwoman. The Republic guarantees religious and civil liberty, equal rights and equal opportunities to all its citizens, and declares its resolve to pursue the happiness and prosperity of the whole nation and of all its parts, cherishing all the children of the nation equally, and oblivious of the differences carefully fostered by an alien government, which have divided a minority from the majority in the past.

Until our arms have brought the opportune moment for the establishment of a permanent National Government, representative of the whole people of Ireland and elected by the suffrages of all her men and women, the Provisional Government, hereby constituted, will administer the civil and military affairs of the Republic in trust for the people.

We place the cause of the Irish Republic under the protection of the Most High God, Whose blessing we invoke upon our arms, and we pray that no one who serves that cause will dishonour it by cowardice, inhumanity, or rapine. In this supreme hour the Irish nation must, by its valour and discipline and by the readiness of its children to sacrifice themselves for the common good, prove itself worthy of the august destiny to which it is called.

Signed on Behalf of the Provisional Government,

THOMAS J. CLARKE,

SEAN Mac DIARMADA, THOMAS MacDONAGH,
 P. H. PEARSE, EAMONN CEANNT,
 JAMES CONNOLLY, JOSEPH PLUNKETT.

Milongas de Futuro

Van por diante tres datos do mercado laboral xuvenil en Galicia:

- Índice de recambio da poboación activa, ano 2014: 161
- Emigración externa (a outras CC.AA. e ao estranxeiro), ano 2014: 3.398 menores de 24 anos, 8.966 entre 25 e 34 anos
- Taxa de paro xuvenil, 3T ano 2015: 29,6% nos menores de 29 anos (40,4% nos menores de 24)

Por cada 100 rapaces que cumpren 20 anos, 161 persoas chegan á idade de xubilación. Lonxe de ter traballo simplemente con ocupar os postos de traballo que os nosos pensionistas van deixando libre, 12.364 rapaces de 16 a 34 anos emigraron fóra de Galicia en 2014, e a taxa de paro dos que aquí quedan é do 29,6% nos menores de 29 anos. 53.900 rapaces/as, 18.100 deles universitarios/as.

Outro dato: **desde 2008 Galicia leva perdido 140.000 empregos**. Ese é o dato que importa, creación de emprego, non unha taxa de paro que se resolve tamén enviando o noso capital humano “a Laponia”, como dixo aquel infausto de cuxo nome non quero lembrarme.

Desde 1975, cando eramos o 8% da poboación española, os cambios socioeconómicos en Galicia levaron a idade de maternidade máis frecuente dos 22-23 anos (preto de 3.000 nacementos por cohorte) aos 35-36 anos (para a metade de nacementos, por volta dos 1.600). Como resultado, o número de nacementos en Galicia pasa dos 45.000 en 1976 a por baixo dos 20.000 desde 2013. Que unha muller poida rematar a educación universitaria e posgraos antes dos 25 anos, pero non teña fillos ata ben entrada a trintena, é un claro indicador de que o principal factor tras a

extremadamente baixa natalidade en Galicia depende fundamentalmente de aspectos relacionados co mercado de traballo: ausencia de oportunidades laborais, precariedade, ausencia de conciliación, e/ou o efecto temido sobre as oportunidades laborais tras a maternidade.

Non hai futuro para Galicia sen paliar a sangría demográfica que se nos bota enriba –case un millón menos de galegos de aquí a 2050. Non o conseguiremos se non somos quen de ofrecer emprego estable á xente nova en canto sae pola porta da facultade. Mentres iso non mude, fagan favor de non contarnos milongas de recuperación económica e, menos aínda, de emprego.

David Peón
PDI




Gráfico: Persoas afiliadas á Seguridade Social en Galicia, corrixida de estacionalidade
Fonte: IGE

Este ano... Manuel María


Coñecín persoalmente a Manuel María (Outeiro de Rei, 1929-A Coruña, 2004) case ao remate da súa vida, probablemente nos primeiros meses de 2004. Tiven ocasión de conversar un par de veces con el. O que máis me chamou a atención daquel home foi a súa sinxeleza, cultura e bonhomía. Por algún motivo, que agora non lembro, sei que rematamos a falar de Monforte e de Mondoñedo. El era un gran coñecedor da vida nas vilas galegas, con todos os seus defectos e virtudes. Sen me coñecer moito, tivemos unha conversa amena e prolongada. Faloume con agarimo e retranca de persoas concretas

destas dúas vilas, de anécdotas vilegas e de como se desenvolvía a existencia nelas en diferentes momentos do século XX.

Neses fugaces encontros albisquei unha grandísima personalidade, cun compromiso político incuestionable coa Terra e co Pobo de Galicia. Tamén percibín o inmenso cariño e respecto con que moita xente da Coruña acolleu a Manuel María e a súa dona, Saleta, cando ambos os dous viñeron vivir a esta cidade en 1998. Como escritor ten unha obra ampla e de gran calidade literaria. Cultivou ao longo da súa vida a poesía, a narrativa, o teatro e o

ensaio e abordou múltiples temas como o compromiso político, a arte, o amor, a tradición, a lingua, o mundo agrario etc. Non me corresponde a min facer unha análise da súa obra, porque carezo da perspectiva e dos coñecementos para acometer semellante labor cun mínimo de solvencia. Estas liñas tan só pretenden ser unha homenaxe particular á persoa e ao poeta.

Antes destes encontros, Manuel María era para min o autor d'O Carro e d'O Aradiño, que tan ben cantou Fuxan os Ventos. E velaquí as dúas poesías que tanto cantei sendo un cativo...



O carro

Non canta na Chá ninguén.
Por eso o meu carro canta.
Canta o seu eixo tan ben
que a seña dade me espanta.

Non hai canto tan fermoso:
fino como un asubío.
Anque é, ás vegadas, saudoso,
faíse, no ar, rechouchío.

O meu carro é cerna dura:
sábese carballo e freixo.
¡Que fermosa a súa feitura!
¡Que lixeira a do eixo!

As cousas vanse aledando
por onde o meu carro pasa.
¡Carrétame herba pró gando!
¡Traime a colleita pra casa!

O aradiño

Labrado da miña mau
fixen coa miña navalla
un aradiño de pau.
Leva timón e chavella
e unha rella furadora
feita cunha lata vella.
Ten orellera, rabela
tan luída e rematada
que mamola mirar pra ela.

O meu arado e tan feito
que pode incluso esfender
labradíos a barbeito.
Teño xa que darlle estreno
ó meu arado arador,
ó meu arado pequeno.
E non sei ónde hei de ir
buscar os bois que preciso,
buscar os bois pra xunguir.

Para saber máis:
<http://www.casamuseomanuelmaria.gal>

Anxo Calvo
PDI

Mestrado Oficial en Banca e Finanzas

Obxectivos

O Mestrado Oficial en Banca e Finanzas é un completo programa que persegue proporcionar unha formación financeira avanzada e actual.

O alumnado adquirirá amplos coñecementos sobre o sistema financeiro, mercados de capital, instrumentos financeiros e funcionamento de entidades bancarias. Así mesmo, coñecerá diversas ferramentas matemáticas e informáticas que lle permitirán desempeñar múltiples tarefas relacionadas coas finanzas de mercado e empresariais.

A quen vai dirixido

O Máster vai dirixido ao estudante egresado de titulacións de contido económico e empresarial, a profesionais que busquen actualizar ou ampliar os seus coñecementos e a titulados/as en Dereito, Matemáti-

cas, enxeñarías, Xornalismo ou calquera outra titulación con demanda no sector da banca e as finanzas.

Contidos

O Mestrado intégrase en 60 créditos ECTS repartidos entre as seguintes materias:

- ✓ Sistema financeiro
- ✓ Mercados financeiros
- ✓ Macroeconomía
- ✓ Banca
- ✓ Mercadotecnia financeira
- ✓ Dereito da intermediación financeira
- ✓ Técnicas estatístico-económicas aplicadas
- ✓ Valoración financeira
- ✓ Valoración de activos financeiros
- ✓ Instrumentos financeiros derivados
- ✓ Análise e xestión de riscos

- ✓ Contabilidade de entidades e instrumentos financeiros
- ✓ Fiscalidade de operacións e instrumentos financeiros
- ✓ Sistemas de información
- ✓ Tese de mestrado
- ✓ Prácticas en empresa

Prácticas en empresas

Unha parte importante do mestrado constitúeno as prácticas en empresas e entidades financeiras orientadas a ofrecer aos participantes unha formación complementaria á estrita actividade lectiva.

Os convenios subscritos con empresas e institucións financeiras permítenlle ao alumnado realizar prácticas tuteladas en que ten a oportunidade de aplicar parte dos coñecementos adquiridos no Mestrado, á vez que se adestra para acceder con garantías de éxito ao mercado laboral.

Saídas profesionais

Algúns dos perfís profesionais aos que se orienta a formación proporcionada por este mestrado son:

- ✓ Analista financeiro
- ✓ Xestor de patrimonios
- ✓ Asesor de investimentos
- ✓ Operador intermediario
- ✓ Executivo de banca
- ✓ Director financeiro



Mestrado Universitario en Contabilidade Superior e Auditoría de Contas

A quen vai dirixido

Graduados/as en Administración de Empresas, en Ciencias Empresariais ou en Economía; licenciados/a en Administración de Empresas, en Ciencias Empresariais, en Ciencias Económicas ou en Economía; diplomados/as en Ciencias Empresariais; outros/as titulados/as en ciencias Ssciais con interese en adquirirren coñecementos especiali-

zados en contabilidade e auditoría de contas.

Límite máximo de admisión: 30 prazas.

Obxectivos

Acadar a formación necesaria para o desempeño de actividades profesionais por conta propia ou allea na área da contabilidade e da auditoría

de contas. O plan de estudos comprende as materias referidas na Resolución do 12 de xuño de 2012 do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas (ICAC), para efectos da súa validación como primeira fase das probas de acceso á inscrición no Rexistro Oficial de Auditores de Contas (ROAC) e ao pleno exercicio da profesión regulada de auditor de contas.

Contidos

Plan de estudos (contido mínimo):*

Primeiro cuadrimestre (30 ECTS)

1.	Fundamentos de Auditoría	6 ECTS
2.	Procedementos de Auditoría	6 ECTS
3.	Informes de Auditoría	6 ECTS
4.	Contabilidade Superior I	6 ECTS
5.	Normas Internacionais de Información Financeira	3 ECTS
6.	Prácticas en Empresas	3 ECTS

Segundo cuadrimestre (30 ECTS)

7.	Contabilidade Sectorial	6 ECTS
8.	Contabilidade Superior II	6 ECTS
9.	Tecnoloxías de Comunicación e Sistemas Informáticos para a Contabilidade e a Auditoría	6 ECTS
10.	Seminarios de Actualización Contable	3 ECTS
11.	Prácticas en Empresas	3 ECTS
12.	Traballo de Fin de Mestrado	6 ECTS

Cada crédito ECTS equivale a 8 horas de clase presencial.

Complementos formativos:

Os complementos formativos non son obrigatorios para aquelas persoas que accedan ao mestrado cunha titulación homologada polo ICAC.

Noutro caso, dependendo da titulación de acceso poderá requirirse ao alumnado que curse ata un máximo de 7 materias de complementos formativos.

Prácticas en empresas

As prácticas en empresas ou despachos profesionais son obrigatorias e representan 6 créditos ECTS equivalentes a 100 horas de formación.

Saídas profesionais

No sector privado: auditor de contas; auditor interno; responsable da contabilidade de empresas de

todos os sectores de actividade; controller; director financeiro de entidades non lucrativas.

No sector público: interventor-auditor de contas do Estado ou de Comunidade Autónoma; inspector de Facenda ou do Banco de España; inerventor da Administración local. Doutoramento en Contabilidade e Auditoría de Contas.

Mestrado en Dirección e Administración de Empresas (MUDAE-MBA)

A quen vai dirixido?

O alumnado do Mestrado en Dirección e Administración de Empresas (MBA) procede, preferentemente, dos graos en Administración e Dirección de Empresas, Ciencias Empresariais e Economía. Así mesmo, este mestrado está orientado ao alumnado procedente de calquera outro título universitario que pretenda desenvolver a súa actividade profesional no mundo da xestión de empresas.

Que obxectivos persegue?

O MBA ten como obxectivo o desenvolvemento no alumnado dun

conxunto de competencias básicas, a partir das cales se desenvolven competencias xerais e específicas:

- Posuír e comprender os coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación.
- Saber aplicar os coñecementos adquiridos e a capacidade de resolución de problemas a contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa área de estudo.
- Ser capaces de integrar coñece-

mentos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos coñecementos e xuízos.

- Saber comunicar conclusións e as razóns últimas que as sustentan a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades.
- Posuír as habilidades de aprendizaxe que permitan continuar estudando dun modo que haberá de ser, en boa medida, autodirixido ou autónomo.

Contidos

CONTIDOS	1º CUADRIMESTRE	2º CUADRIMESTRE
Análise do Contorno	3 ECTS	
Dereito de Empresa	3 ECTS	
Dirección de Marketing	6 ECTS	
Dirección Financeira	6 ECTS	
Dirección Xeral	6 ECTS	
Obradoiros de Directivos	3 ECTS	3 ECTS
Xogo de Empresa	3 ECTS	3 ECTS
Dirección de Recursos Humanos		3 ECTS
Xestión da Empresa Familiar		3 ECTS
Sistemas de Información. Xestión das TIC		6 ECTS
Prácticas en Empresas		6 ECTS
Traballo de Fin de Mestrado		6 ECTS
Total ECTS	30 ECTS	30 ECTS

Prácticas en empresas

Unha parte importante do MBA son as prácticas en empresas que

permiten ofrecer ao alumnado unha formación complementaria á actividade lectiva. Así, establece-
ranse convenios coa finalidade de

que todo o alumnado poida realizar unha estadía dun mes (6 ECTS), para ter a oportunidade de pór en práctica os coñecementos adquiridos.

Co obxectivo de que a estadia acadade os mellores resultados, as prácticas serán titorizadas por profesores do Mestrado, que se manterán en contacto cos responsables da empresa de acollida.

As prácticas poderán realizarse en paralelo e en horario compatible coa asistencia ao Mestrado. Deberán ter sempre carácter formativo e non deberán supor a cobertura de ningún posto de traballo da empresa que oferta a práctica. Para a realización da práctica será necesario subscribir o correspondente convenio de cooperación educativo, segundo o modelo da UDC.

Metodoloxía do caso e obradoiros de directivos

Consonte o exposto anteriormente, o MBA ten como unha das súas metodoloxías centrais a do caso. Como complemento, impartiranse

os obradoiros de directivos, onde o alumnado discutirá cos directores dos casos a situación, as decisións recomendadas e os resultados acadados. Nestes obradoiros, directivos das empresas colaboradoras co MBA comentarán as diferentes problemáticas e situacións que teñen que afrontar dentro da súa actividade cotiá.

Cales son as saídas profesionais?

Un dos alicerces fundamentais do MBA consiste na colaboración constante con empresas, institucións empresariais e directivos profesionais. A formación está totalmente dirixida á práctica, e proba diso é a metodoloxía docente aplicada, baseada en persoal formador profesional responsable de dirixir os casos propostos ao alumnado. O obxectivo básico é que o MBA chegue a ser un paso intermedio entre a formación académica e a

empresa. Para isto, téntanse establecer as vías de colaboración que posibiliten, tanto o acceso ao mercado laboral, como o cambio de dirección no devandito mercado.

Por tanto, a alumnado que se titule no MBA estará capacitado para ocupar postos directivos en empresas e organizacións na xestión das distintas áreas funcionais, así como para desenvolver iniciativas na creación de empresas.

Máis información:

Coordinador: Marcos Vizcaino González
 Facultade de Economía e Empresa,
 despacho 107-A
 Campus de Elviña, s/n - 15071 A Coruña
 Web: <http://mbaudc.es/>
 Tel: +34 981 167 000 / ext.: 2462
 E-mail: marcos.vizcaino@udc.gal



A ética do esforzo no deporte: o (non tan) estraño caso do señor Leicester

A estas alturas da película (coa competición xa finalizada cando este texto “entre en imprenta”) seguramente pecarei de falta de orixinalidade, dado que xa se levaran vertidos ríos de tinta para cualificar o último milagre do deporte profesional. No entanto, optei por evocalo porque o deporte (ademais de emocionarnos... cando veñen ben dadas, claro...) proporcionanos continuos exemplos de superación. A lista de xestas parece inesgotable (se non, o libro Guinness sempre está para propoñer novos retos, ás veces absurdos...) e, recentemente, un alpinista de 77 anos (Carlos Soria) pisaba o seu 12.º *otomil* e planea conquistar os 14 cumes máis altos do planeta.

Próximas resúltannos as fazañas de Rafael Nadal ou outros deportistas de elite, pero o triunfo do Leicester City FC na todopoderosa *Premier League* é unha rara avis nos tempos que corren, de malgasto económico no fútbol. Fronte ao dominio dos grandes orzamentos, un equipo modesto, sen apenas historia digna de mención (ou sexa, carente de títulos nas súas vitrinas), suscita unha proposta en que combina elementos que deberían mover á reflexión aos nosos estudantes. Ademais dunha excelente política de xestión nas fichaxes (cun investimento nos últimos anos por volta de “só” 30 millóns de libras, que satisfaría os máis esixentes gustos dos nosos expertos en xestión

empresarial), ou a asunción dos conceptos tácticos dun vello raposo (Claudio Ranieri), os xogadores do Leicester sumaron unha serie de valores individuais (esforzo, sacrificio, confianza, entrega, intensidade) e, sobre todo, colectivos (humildade, unidade, solidariedade, compromiso, espírito), que fan da forza do grupo o maior secreto da súa extraordinaria campaña, o que entronca con valores que se ensinan nas nosas aulas, porque foron preconizados por empresarios de éxito (Henry Ford e outros). Para a análise das claves do seu éxito financeiro xa están os expertos...

Jesus Mirás Araujo
PDI

Calendario Académico Mestrados Curso 16/17

PRAZOS XERAIS DE PREINSCRICIÓN E MATRÍCULA	
1º PRAZO (xuño-xullo de 2016)	
23 xuño - 13 xullo	Preinscrición
18 xullo	Publicación lista provisional
18 - 26 xullo	Reclamacións
29 xullo	Publicación lista definitiva
1 - 10 agosto	Matrícula
2º PRAZO (agosto-setembro de 2016)	
22 - 31 agosto	Preinscrición
7 setembro	Publicación lista provisional
7 - 9 setembro	Reclamacións
14 setembro	Publicación lista definitiva
15 - 20 setembro	Matrícula
3º PRAZO (setembro-outubro de 2016)	
22 - 30 de setembro	Preinscrición
3 outubro	Publicación lista provisional
3 - 6 outubro	Reclamacións
10 outubro	Publicación lista definitiva
11 - 20 outubro	Matrícula

PRAZOS PARA ESTUDANTES DE SISTEMAS UNIVERSITARIOS ESTRANXEIROS	
18 de xaneiro - 18 de abril de 2016	Preinscrición
25 - 27 de abril de 2016	Publicación lista provisional
27 de abril - 5 de maio de 2016	Reclamacións
11 - 13 de maio de 2016	Publicación lista definitiva
1 - 10 de agosto de 2016	Matrícula

Preguntas frecuentes na Administración

A túa Participación ten Recoñecemento Académico

Existe o recoñecemento de créditos nos graos por participar en actividades universitarias da UDC?

Si. Por participar en **actividades universitarias culturais, deportivas, de representación estudantil, solidarias e de cooperación** podes recoñecer ata 12 créditos correspondentes a materias optativas. E tamén por participar en **actividades formativas** organizadas por diferentes servizos da UDC podes obter recoñecemento de créditos optativos. O mínimo que se pode recoñecer son 6 créditos. Podes sumar os créditos de varias actividades.

Cales son os requisitos?

- Reunir, cando menos, 6 créditos pola participación nunha ou varias actividades.
- Solicitalo antes do último día lectivo de cada curso académico.
- Só para actividades desenvolvidas mentres se estea matriculado/a na UDC.

E o procedemento?

- Solicitar o certificado de ter realizada a actividade, ante o órgano responsable da súa organización.
- Solicitar na Administración do centro o recoñecemento de créditos académicos, achegando a certifica-

ción e pagando a taxa correspondente.

Onde atopo toda a información relativa a este tipo de recoñecemento?


- Normativa mediante a que se establece o procedemento para o recoñecemento académico de créditos por participación en actividades universitarias nos graos da UDC (CG 17/07/2012).
https://www.udc.gal/export/sites/udc/normativa/_galeria_down/academica/Normativa_procedemento_rec_creditos_actividades.pdf

- Resolución reitoral da UDC pola que se amplían as actividades sinaladas no Anexo I e se modifican as sinaladas no Anexo II do procedemento de recoñecemento de créditos por actividades nos graos (RR 21/10/2014).

https://www.udc.gal/export/sites/udc/normativa/_galeria_down/academica/RR_reconocimiento_actividades_Anexol_Anexoll.pdf

Administración
 Facultade de Economía e Empresa

Que actividades teñen recoñecemento nos graos?



Nota: Esta información é orientativa e está elaborada segundo a normativa vixente no momento en que a publicamos; a Normativa de xestión académica, que se publica cada curso académico, así como a elaboración de nova normativa e instrucións poden introducir cambios.

Porto, destino Erasmus

A **Universidade do Porto** (U. Porto), fundada no ano 1911, é unha institución de referencia para o ensino superior e para a investigación científica en Portugal. Está entre as 200 mellores universidades europeas de acordo cos sistemas de clasificación internacionais máis relevantes.

31000 estudantes
2300 persoal docente e investigador
1700 persoal de administración e servizos

Hoxe en día é a universidade máis internacional de Portugal, grazas á súa cooperación con institucións de ensino superior de todo o mundo. Ten a comunidade académica máis importante en Portugal, reúne o alumnado coas notas máis altas do país e un equipo de investigadores altamente cualificados.



A U. Porto defínese na procura da educación de alta calidade enfocada na vocación e o talento individual, nas necesidades do mercado e converterse nun foco de produción de ciencia en Portugal. É en si mesma unha importante forza motriz para o desenvolvemento económico, social, cultural e científico do norte de Portugal e do conxunto do país que busca converter en ben social o talento e a innovación, e cuxa principal marca consiste en estar aberta á comunidade e ao mundo empresarial.

A **cidade do Porto** é a segunda maior cidade do país, cunha área urbana con máis de 1,3 millóns de habitantes. Catro pontes principais (*Arrábida, Freixo, Luiz I e Infante*) e dúas pontes ferroviarias (*S. João e D. Maria*) tornan posible facer a travesía para a outra marxe (Vila Nova de Gaia). Porto é unha cidade caracterizada polo granito, o que a torna nunha cidade "con carácter".

Liberalismo, liberdade e patriotismo son algúns dos valores dos seus habitantes. O alcume de "tripeiros", con que son coñecidos, xorde dun episodio de proba de patriotismo: no século XV, os habitantes de Porto cederon toda a carne para abastecer a flota que partiu do Porto, mantendo apenas as tripas para eles mesmos. Esta é a orixe dun dos pratos máis tradicionais da cociña local, *tripas à moda do Porto*.

Alén diso, á súa burguesía forte e dinámica, a cidade debe o sobrenome de *cidade do traballo*; o Porto sempre foi cidade de comercio e o seu principal produto de exportación é o *vinho do Porto*. A riqueza da comarca permitiu a renovación da cidade coa construción de novas estradas e edificios.

Cousas que facer no Porto:

☐ Visitar a *Sé do Porto*, o *Palácio da Bolsa*, o *Teatro Nacional de São João*, a *Casa da Música*, o *Jardim do Palácio de Cristal*, a *rúa Miguel Bombarda*, a *Torre dos Clérigos*, que ofrece unha vista fascinante da cidade, e a *Estação de São Bento*, cos seus murais de azulexos que describen a historia de Portugal.

☐ Visitar o *Museu de Serralves*, o *Museu de Arte Moderna*, proxectado

pelo arquitecto Siza Vieira e o *Museu Soares dos Reis*, fundado en 1833 polo rei D. Pedro IV.

☐ Percorrer a *Ribeira* e a *Ponte D. Luís I*. Visitar as bodegas de *Vinho do Porto* en Gaia, probar a *Francesinha* (a máis famosa sandwiche portuguesa) e saborear as deliciosas sobremesas como o pastel de nata.

☐ Tomar un café no *Café Majestic*, onde din que J. K. Rowling pasou varias horas escribindo o famoso libro do Harry Potter.

☐ Visitar as *Galerias de Paris*, centro da vida nocturna do Porto e pasear polo *Mercado do Bolhão*, construído no século XIX.

☐ Comprar un libro na librería "Lello", fundada en 1906 coas vidreiras, teitos e a súa escaleira central intactas.

☐ Apreciar un solpor na Foz.

Fonte: Universidade do Porto. Interweek. Booklet do participante. Porto, 14-18 de marzo de 2016

María J. Prol Conde
(PAS da FEE)

